

NOTA DE PRENSA.

Hoxe día 6 de Abril movementos de pensionistas dos diferentes Pobos e Comunidades do Estado comparecemos diante do Congreso co obxectivo de demandar aos grupos políticos que deixen sen efecto o proxecto de **“Lei de Regulación para o Impulso dos Plans de Pensións de Emprego” (LRIPPE)**, no trámite parlamentario en curso.

Fixemos chegar a nosa proposta aos grupos do Congreso e contamos coa presenza na concentración dos partidos que compartiron a nosa demanda de retirada do Proxecto de Lei e comparten a necesidade de deixalo sen efecto no trámite parlamentario. Estiveron presentes e interviron, despois dos membros movementos de pensionistas convocantes, ERC, EHBildu, Compromís, CUP, Más País, BNG e Unidos Podemos

Como dicimos no comunicado que vos achegamos, **este é un Proxecto de Lei que empobrece as pensións públicas e abre a porta á súa privatización e non pode ser avalado polos grupos políticos do Congreso.**

Con este proxecto de Lei, que segue a súa tramitación no Congreso por vía de urxencia, **entregaranse parte das prestacións sociais a un sistema privado de capitalización**, que excluírá ás capas de poboación máis desfavorecidas e con traballos precarios, especialmente mulleres.

Os recursos públicos que se van a destinar para impulsar estes fondos de pensións, estarían mellor empregados en reforzar e mellorar o Sistema Público de repartición conseguindo resultados socialmente máis xustos.

Un Proxecto de Lei desta importancia NON debe ser tramitado con carácter de urxencia, xa que require un debate social onde se conte a verdade á cidadanía, sen ameazas, chantaxes nin urxencias parlamentarias.

Por todo iso reiteramos a nosa esixencia aos grupos políticos do Congreso que mediante os instrumentos dos que poidan dispoñer deixen sen efecto real o impulso a este Proxecto de Lei e que seguiremos mobilizándonos ata conseguir os nosos obxectivos; nos próximos días informaremos diso. A mobilización é a nosa mellor garantía.

GOBERNE QUEN GOBERNE AS PENSIONES DEFÉNDENSE !!!!

ASJUBI40, COESPE, EHPM-MPEH, MADPP, MODEPEN, Unidade-COESPE, e Plataformas de Pensionistas de Badaxoz e Móstoles.

Contacto: Gonzalo Balo Mosquera (616635708). MODEPEN